



ENCONTROS DO PLAN DE MELLORA  
DE BIBLIOTECAS ESCOLARES  
2010/2011

Palacio de Congressos, Santiago de Compostela, 7/8 de abril - 2011

GOBERNACIÓN DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

A circular inset image shows a library desk with several books, a sign that says "REXISTRAR" (REGISTER), and a pair of red scissors. Below the image, the text "ENCONTROS DO PLAN DE MELLORA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES 2010/2011" is displayed in white on a blue background. Underneath, the date and location "Palacio de Congressos, Santiago de Compostela, 7/8 de abril - 2011" are listed. At the bottom, there are three logos: the Galician Government logo, a small school logo, and the Xunta de Galicia logo.

# O MANGA

漫画



Exposición temática  
Marzo 2010

# OS PANEIS

## que é?

**MANGA** significa, en xaponés, “debuxo informal” ou “garabato”, e é a palabra que os xaponeses empregan para “comic” ou “banda deseñada”



Os seus debuxantes son coñecidos como “mangakas”



Maiormente, publícase en branco e negro (aínda que tamén se usa a cor) e en papel de baixa calidade



Os seus afeccionados máis fanáticos son chamados “otakus”



Lése de dereita a esquerda, ó revés do costume occidental



En Xapón, o 38% dos libros publicados son manga

## cal é a súa historia? (I)

O termo ten máis de 200 anos, pero o concepto actual aparece a principios do século XX, cunha gran expansión logo de 1945




Na década dos 20 aparece o KODOMO, ou manga infantil, que introduce o primeiro superheroe manga: OGON BAT



A mellora económica dos anos 50 e 60 fai subir a demanda de novos xéneros: aparece o gekiga, de temática máis adulta e estilo máis fotográfico

O considerado primeiro manga moderno, publicado en 1902 é obra do gravador Hokusai Katsushika



A rede de bibliotecas públicas e a edición dos chamados libros vermellos (pola súa portada) puxo en circulación unha enorme cantidade de manga a partir de 1945



A revista SHONEN foi a máis exitosa nos anos do “boom” manga

## cal é a súa historia? (II)

Os “mangakas” de máis éxito chegan a ser venerados polos seus seguidores, tanto dentro como fóra de Xapón

OSAMU TEZUKA (1928-1989), é a figura de máis relevancia histórica: a cotío é chamado “manga no kami” (“deus do manga”). Posuía un estilo moi cinematográfico, influído polos films da produtora estadounidense Disney



Tezuka puxo en marcha a primeira revista manga dirixida integramente a público infantil: MANGA SHONEN. Nela apareceu o seu personaxe ASTROBOY

O manga (e a súa versión cinematográfica, o anime) coñeceu unha enorme expansión internacional gracias á película AKIRA (1988), baseada nun personaxe de KATSUHIRO OTOMO



Na década de 1990, AKIRA TORIYAMA obtén unha gran sona coas súas series DRAGON BALL e DR. SLUMP, caracterizadas polo seu humor irreverente e absurdo



# que xéneros hai?

Os mangas adoitan clasificarse por segmento de idade ó que vai dirixido e tamén pola temática ou o tipo de personaxes que aparecen



# que mangas famosos hai?

As revistas manga teñen periodicidade variable (háinas semanais, mensuais, trimestrais...), e inclúen capítulos de 40 páxinas de varias series diferentes. Cando van publicadas unhas 200 páxinas dunha serie, compilanse nun volume en formato de peto (**tankobon**) ou maior (**bonkobon**)



Na revista SHONEN JUMP (a máis vendida en Xapón) apareceron series como DRAGON BALL, NARUTO (de MASASHI KISHIMOTO) E DEATH NOTE (de TAKESHI OBATA)



CHAMPION RED foi a revista que deu a coñecer os CABALEIROS DO ZODIACO (SEINTO SEIYA)




SAILOR MOON, de TAKEUCHI NAOKO, e dirixida a rapazas, era unha serie estrela da revista NAKAYOSHI




Aparte das grandes revistas, os fanzines ou DOJINSHIS desenvolven unha grande actividade e disfrutan dunha enorme difusión

# POSTA EN ESCENA



# CADA SEMANA, UN MOTIVO



esta semana  
(8-12 de marzo)

mesa de entrada:  
VARIOS EXEMPLARES

música de ambiente:  
SELECCIÓN DA BANDA  
SONORA ORIXINAL DA  
SERIE DE ANIME HEIDI



proxección:  
AKIRA [Vol. 1], de KATSUHIRO OTOMO

esta semana  
(15-18 de marzo)

mesa de entrada:  
VARIOS EXEMPLARES

música de ambiente:  
CANCIONS DA SERIE  
ANIME "AS BÓLAS DO  
DRAGÓN"



proxección:  
"Como debuxar a Son Goku"

esta semana  
(22-25 de marzo)

mesa de entrada:  
VARIOS EXEMPLARES

música de ambiente:  
Kameda's Theme, da BSO  
da película Akira



proxección:  
NARUTO

# EXPOSICIÓN DE EXEMPLARES





**GRACIÑAS POLA  
VOSA ATENCIÓN**